

## **NOTA DE PRENSA**

# **O Colexio de Arquitectos inaugura a mostra *Galicia en Foco* coas imaxes más impactantes do ano**

## **A exposición recolle 35 fotografías de fotoxornalistas dos medios galegos**

**O fotógrafo ourensán Carlos Folgoso foi o gañador desta edición cunha fotografía dos incendios do verán**

### **ACTO INAUGURACIÓN**

**-sede Colexio de Arquitectos de Galicia. Casa da Conga\_A**

**Quintana**

**-20:00 horas**

*Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2011 (Vía Láctea Comunicación).* - A sala de exposicións do Colexio de Arquitectos de Galicia acolle ata o 31 de decembro a vixésima segunda edición da mostra '**Galicia en Foco**', actividade programada pola **Delegación de Santiago**, que se inaugurará esta tarde ás 20:00 horas na Casa da Conga. A exposición retrata, en impactantes imaxes, a realidade máis destacada de Galicia nestes últimos meses.

A iniciativa, promovida polo **Club de Prensa de Ferrol**, trata de recoller os acontecementos más importantes a través da visión dos que foron protagonistas de excepción destes feitos. No acto de inauguración estarán presentes a presidenta da Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia, **Ana Domínguez Laíño**; o tesoureiro, **Santiago Rodríguez**; e a secretaria, **Mónica Carracedo**. Por parte do Club de Prensa de Ferrol asisten o seu presidente, **Xan Morales**; o vogal de Comunicación, **Xoán Rubia**; e a profesora da UDC, **Ana González Neira**.

As fotografías seleccionadas para a mostra publicáronse a finais de 2010 e durante 2011 en diferentes medios de comunicación galegos. Un total de **35 fotografías de fotoxornalistas galegos** recollen diferentes momentos políticos, sociais e culturais do ano.

Segundo o Club de Prensa de Ferrol, '*Galicia en foco*' aglutina todas aquelas imaxes que fan máis humano ao político, aquellas que captan a profundidade dunha mirada, a beleza dun amencer, a ironía dun xesto, a comicidade dun despropósito. "Estas fotos retratan desde políticos que gobernan ata a xente anónima da rúa, festas e desgrazas, a vida mesma, captada pola retina mecánica e precisa dos fotoxornalistas galegos" –destacan desde o Club de Prensa de Ferrol.

A fotografía premiada este ano é obra de **Carlos Folgoso** (Verín, 1982). É unha imaxe que forma parte dun traballo que se publicou no xornal *La Voz de Galicia* durante o mes de agosto, titulada *Lume na Raia*, e realizada na fronteira entre Galicia e Portugal, en concreto, preto do municipio ourensán de Cualedro.

Folgoso é diplomado en Fotografía pola Universidade Politécnica de Catalunya, cun posgrao en edición de imaxe na Universidade de Westminster. Traballou coma fotógrafo de prensa para *Diario de Arousa* (2008) e *La Voz de Galicia* en Vigo, Ourense e Santiago. Publicou puntualmente noutros medios coma *Deia* e *El Mundo*.

Entre os fotoxornalistas que participan na exposición figuran habituais da prensa diaria como **Xoan A. Soler, Pablo Araújo, Miguel Gómez Muñiz, Amador Lorenzo, Xosé Marra, Jorge Meis, José Pardo, César Quián, Antonio García, Jessica Barcala, Javier Quintana e Mónica Vilar**, entre outros.

Galicia en Foco naceu en Ferrol en 1989, unha traxectoria marcada polo traballo dos profesionais do fotoxornalismo galego. É o primeiro movemento fotográfico que se realiza desde Ferrol para reivindicar o traballo dos fotógrafos de prensa de Galicia, avalada en toda a súa dimensión pola numerosa participación de reporteros que cada ano se presentan á convocatoria. A mostra permanecerá aberta ata o **31 decembro** na sala de exposicións do Colexio, de **Iuns a venres** en horario de **11:30 a 13:30** e de **18:00 a 20:00 horas**.

## A historia do fotoxornalismo

O libro-catálogo ábrese cun traballo de investigación da profesora da UDC, Ana González Neira, sobre os 150 anos de evolución no fotoxornalismo. Neira indica no estudo que a historia do fotoxornalismo caracterizouse polos compases que marcaron os avances técnicos en reproducción e difusión. “Ya en los primeros años del siglo XX se redujo el volumen de las máquinas y se mejoró la calidad de las lentes y películas. Pero quedaba mucho por hacer en el fotoperiodismo, campo donde los objetivos son la inmediatez, rapidez y movilidad para captar la noticia en el momento justo y trasladarla a los lectores” –indica–.

Segundo a profesora, dos flashes de magnesio de principios do século XX, que impedían realizar más dunha fotografía, pasouse á captura e emisión de imaxes a través de teléfonos móbiles que ofrecen inmediatez na transmisión. “A pesar de los avances en el campo tecnológico quedan pendientes aspectos relativos a los derechos de autor y al reconocimiento de la firma” –explica. Ademais, este traballo profundiza no papel que xogan na actualidade as axencias de noticias, provocando “una homogeneización de la información y creando un fast-food visual”.

*N.B.- Inclúe no mail fotografías que estarán presentes na mostra (incluída a gañadora)*

## SAÚDOS

Prensa Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia

981 55 44 07

[www.arquitectosdesantiago.org](http://www.arquitectosdesantiago.org)

[www.vialactea.es](http://www.vialactea.es)